

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello do Saviñao para a execución de melloras no bombeo de auga tratada da ETAP a depósitos de distribución do Saviñao. Concello do Saviñao (Lugo)

1. Antecedentes

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

O concello do Saviñao ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

O 13.05.2019 a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade subscribiron un acordo de colaboración para o traspaso á entidade pública empresarial Augas de Galicia do crédito correspondente (59.259,48 €) para levar a cabo o financiamento das actuacións que se recollen na memoria valorada “Mellora no bombeo de auga tratada da ETAP a depósitos de distribución do Saviñao. Concello do Saviñao (Lugo)”.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria comprometeuse coa formalización deste acordo a transferir á cantidade de 59.259,48 € a Augas de Galicia para a execución da actuación mencionada; e, Augas de Galicia comprometeuse a transferir ao Concello do Saviñao esa cantidade a través dun convenio de colaboración e a comprobar o adecuado cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no convenio. A citada cantidade xa foi transferida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a Augas de Galicia.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello do Saviñao que permitan acometer polo concello e incorporar ao patrimonio público municipal as obras “Mellora no bombeo de auga tratada da ETAP a depósitos de distribución do Saviñao. Concello do Saviñao (Lugo)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.



Coa execución desta actuación preténdese resolver as deficiencias que teñen o bombeo de auga tratada da ETAP do Saviñao, para acadar o correcto funcionamento do citado bombeo e garantir o subministro de auga potable á poboación do Concello do Saviñao.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento ten por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

Tendo en conta as obrigas asumidas por Augas de Galicia coa formalización o 13.05.2019 do *Acordo de colaboración interadministrativo entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sobre o traspaso á EPE Augas de Galicia do crédito correspondente para levar a cabo o financiamento de obras hidráulicas* e en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.



4. Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascende a cincuenta e nove mil douscentos cincuenta e nove euros con corenta e oito céntimos (59.259,48 €) que serán financiadas por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 “Subvencións de capital. A corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2019.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(asinado dixitalmente)

